

Os animais invertebrados

As esponxas

- Son acuáticas e viven pegadas ás rochas.
- Teñen forma de saco e presentan poros polos que filtran a auga.



As medusas

- Son acuáticas.
- O corpo é xelatinoso, con forma de paraugas e ten tentáculos con agullóns venenosos.





Os vermes

- Hainos terrestres e acuáticos.
- O corpo é brando e alongado.
- Carecen de patas.



Os moluscos

- A maioría son acuáticos.
- O corpo é brando e adoita estar protexido por unha ou varias cunchas.



Os equinodermos

- Son acuáticos.
- Teñen un esqueleto de placas baixo a pel e moitos presentan espiñas.



Os artrópodos

- Hainos acuáticos e terrestres.
- Están revestidos dunha cuberta dura articulada.
- Teñen patas e algúns, antenas e ás.



Os animais vertebrados



Os mamíferos

- As crías nacen do ventre da nai e aliméntanse de leite.
- A pel ten pelos.
- Respiran aire polos pulmóns.
- A maior parte teñen catro patas.



Os **ungulados** teñen pezuños.



Os **carnívoros** teñen cairos e gadoupas.



Os **primates** teñen cinco dedos.



Os **cetáceos** son acuáticos e posúen aletas.



As aves

- As crías nacen de ovos e reciben alimento e coidado dos pais.
- A pel ten plumas.
- Respiran aire polos pulmóns
- Teñen dúas patas e dúas ás, coas que voan.



As **corredoras** teñen patas fortes e ás pequenas



As **nadadoras** teñen os dedos unidos cunha membrana.



Os **paxaros** son o grupo máis grande.



As **rapaces** teñen peteiro e gadoupas fortes e afiadas.



Os réptiles

- As crías nacen de ovos.
- A pel ten escamas.
- Respiran aire polos pulmóns.
- A maioría ten catro patas.



As **serpes** non teñen patas.



Os **crocodilos** teñen escudos na pel.



As **tartarugas** están cubertas por unha coiraza.



Os **lagartos** teñen catro patas.



Os anfibios

- Nacen de ovos.
- As crías respiran na auga polas branquias e teñen aletas.
- Os adultos poden respirar aire cos pulmóns e teñen patas.
- Teñen a pel espida.



Os **anfíbios sen rabo** son as ras e os sapos.



Os **anfíbios con rabo** son os tritóns e as pínegas.




Os peixes

- As crías nacen de ovos
- A pel ten escamas.
- Respiran na auga por medio de branquias.
- Teñen aletas.



A maior parte dos peixes son **peixes óseos**.




As quenllas e as raías son **peixes cartilaxinosos**.

Hábitos saudables

Dieta saudable

Usa a roda da alimentación.



Hixiene

A limpeza do corpo e dos alimentos evita enfermidades.




Ocio e descanso

Debes durmir unhas dez horas e deixar tempo para o teu ocio.



Posturas axeitadas

Presta atención á túa postura. Así evitarás dores no lombo.



Exercicio físico

Hai moitos deportes diferentes. Seguro que atopas o teu!



As máquinas


Máquinas simples

Están formadas por unha soa ou por poucas pezas.

Polea



Plano inclinado



Panca



Máquinas compostas

Están formadas por diversos elementos chamados operadores.



A roda dos alimentos

Grupo 1. Alimentos ricos en **hidratos de carbono**. Proporcionan enerxía.

Grupo 2. Alimentos ricos en **graxa**. Proporcionan enerxía.

Grupo 3. Alimentos ricos en **proteínas**. Proporcionan materiais de construción.

Grupo 4. Alimentos ricos en **proteínas** e **calcio**. Proporcionan materiais de construción.

Grupo 5. Alimentos que nos proporcionan **vitaminas**, **sales minerais** e **fibra**. Axudan a estar sans.

Grupo 6. Alimentos que nos proporcionan **vitaminas**, **sales minerais** e **fibra**. Axudan a estar sans.

1. Debemos tomar máis alimentos dos grupos que ocupan un maior espazo na roda.
2. Non debemos abusar dos alimentos representados a menor tamaño nalgúns grupos da roda.
3. É importante beber moita auga e facer exercicio.



Todos reciclamos






Envases de plástico e metal

Si



Non




Papel e cartón

Si



Non



Vidro

Si



Non

